

EXPEDIENTE Nº 6/2016 E. L.: "EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO MUNICIPAL, EXISTENTE NO PARQUE PÚBLICO INFANTIL DO ESPÍNEIRO, E PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE TERRAZA ANEXA"

Asunto: Resolución da Alcaldía pola que se deixa sen efecto a Resolución de adxudicación do contrato a favor de Kioskos de Galicia SL de data 05.08.16, por non cumprir a documentación presentada cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En data 05 de agosto de 2016, e unha vez presentada a documentación requirida e precisa para adxudicar o contrato, reflectida na cláusula 16 do prego administrativo, por resolución desta alcaldía, adxudicouse o contrato de "EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO MUNICIPAL, EXISTENTE NO PARQUE PÚBLICO INFANTIL DO ESPÍNEIRO, E PARA A INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE TERRAZA ANEXA", á mercantil KIOSKOS DE GALICIA SL, que resultou ser a Plica á que a Mesa de Contratación lle outorgou a maior puntuación, **33 puntos totais**, dos que **13,00 puntos** foron outorgados polo plan de conservación e mantemento do local e instalación anexas, e os incrementos de calidade na prestación do servizo ofertado (Criterio de adxudicación dependente de xuízo de valor), de conformidade co establecido no informe técnico, emitido polo Arquitecto municipal en data 28 de xuño de 2.016, obrante no expediente e **20,00 puntos corresponden ao criterio do prezo**, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada no **sobre C** a fórmula prevista na **cláusula 10** do prego de cláusulas administrativas particulares.

En data 08 de agosto compróbase, novamente a documentación presentada por KIOSKOS DE GALICIA SL", E DETÉCTASE A EXISTENCIA DE ERROS, QUE DE ACORDO AO ESTIPULADO NO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXE ESTE CONTRATO NON SON SUBSANABLES. A ESTE RESPECTO NA CLAÚSULA 16 SE REFLECTE DE XEITO LITERAL O QUE DE SEGUIDO SE ENUNCIA:

"Unha vez transcorrido o prazo do requirimento, o órgano de contratación, se observase defectos ou omisións subsanables na documentación requirida nos puntos 1 ao 6 desta cláusula, ambos incluídos, comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica ou procederá a publicalo no perfil do contratante, concedendo un prazo de DOUS (2) DÍAS HÁBILES, contado a partir da práctica da comunicación ou da publicación no perfil do contratante, para que os licitadores corrixan ou emenden os defectos ou



CONCELLO DE

SANXENXO

adxudicación dependente de xuízo de valor), de conformidade co informe técnico, emitido polo Arquitecto municipal en data 28 de xuño de 2.016, obrante no expediente; **e 7,05 puntos foron outorgados polo criterio do prezo**, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada no **sobre C** a fórmula prevista na **cláusula 10** do prego de cláusulas administrativas particulares.

- **Plica nº DOUS: Presentada por Don Ramón Sande Miramontes**, con DNI 33.293.919-Q, en representación da mercantil **Kioskos de Galicia SL**, con CIF B-70.462.882, **cuxa puntuación total outorgada pola Mesa de Contratación foi de 33,00 puntos, cuxo desglose reflíctese no primeiro parágrafo da presente, resultando deste xeito a que acadou a maior puntuación.**
- **Plica nº TRES: Presentada por Don Andrés Martínez Arosa**, con DNI 35.299.572-T **que acadou a terceira maior puntuación total de 17,57 puntos**, dos cales a Mesa de contratación outorgou **15,00 puntos** pola calidade das instalación, plan de conservación e mantemento do local e instalación anexas, e os incrementos de calidade na prestación do servizo ofertado (Criterio de adxudicación dependente de xuízo de valor), de conformidade co informe técnico, emitido polo Arquitecto municipal en data 28 de xuño de 2.016, obrante no expediente; **e 2,57 puntos foron outorgados polo criterio do prezo**, consecuencia de aplicar á cantidade ofertada no **sobre C** a fórmula prevista na **cláusula 10** do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto: Deixar sen efecto a totalidade do disposto na resolución desta alcaldía de data 5 de agosto de 2016, sinalada no primeiro parágrafo da presente.

Quinto: Notificar esta resolución aos licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a dez de agosto de dos mil dezaseis.

O alcalde



Gonzalo Gonzalo Pita

ante min, o secretario accidental



Celestino Otero Camiña